

CONSULTA DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS PARA O INICIO DO PROCESO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE TABOI NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (LUGO)

Órgano ou entidade impulsora: Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

Departamento: Consellería de Medio Rural, Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

Prazo da consulta: O indicado na páxina web da Consellería do Medio Rural

As persoas interesadas poderán enviar as súas opinións ou achegas sobre a iniciativa ou propostas de mellora a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no correo electrónico **infraestructuras.agrarias.lugo@xunta.gal**

Antecedentes

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Finalidade

En cumprimento do artigo 7.4 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, coa publicación desta consulta a Consellería do Medio Rural pretende impulsar un proceso de reestruturación parcelaria mediante o decreto polo que se declara a utilidade pública da reestruturación parcelaria de carácter público da zona de Taboi (Outeiro de Rei- Lugo), co obxecto de reordenar a propiedade da terra para mellorar a estrutura territorial agraria.

Necesidade e oportunidade

As circunstancias que se teñen en conta para a avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais que se pretenden acadar con esta actuación son os seguintes:

- A existencia de deficiencias estruturais das explotacións agrarias situadas na zona de actuación que incidan negativamente na súa viabilidade técnico-económica.
- A actividade agraria da zona de actuación e a existencia de profesionais agrarios que dedican as súas producións á comercialización.
- O interese das persoas titulares, especialmente das explotacións agrarias, por levar a cabo o proceso, constatado polas sinaturas que apoien a petición.
- O dinamismo do territorio e a poboación, que permita maximizar o efecto do procedemento de mellora.
- A potencialidade agraria da zona.



- A sensibilidade ambiental, atendendo aqueles aspectos que poden condicionar negativamente a viabilidade das actuacións e a existencia dentro do seu perímetro de áreas ambientalmente protexidas ou que, estando fóra deste, se poidan ver afectadas negativamente.
- A posibilidade de mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución das emisións de CO₂ e do número e intensidade dos incendios forestais.
- Outros factores que se consideren adecuados para acreditar o cumprimento dos obxectivos xerais.

Obxectivos

Con esta actuación a Consellería do Medio Rural pretende acadar os seguintes obxectivos:

- a) Mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva.
- b) Establecer, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agrario, entendendo por tal a loita contra o abandono, a formación de novas explotacións ou a incorporación ás xa existentes, prestando especial atención ao apoio á constitución de iniciativas asociativas para o aproveitamento en común, conforme o disposto no número 3.3.12.a) do Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.
- c) Facilitar a adecuación territorial de áreas con elevados valores medioambientais ou paisaxísticos, ou ben coa presenza dalgún elevado risco ambiental, de tal maneira que se potencie a conservación e a permanencia dos ditos valores ou se reduza a potencial incidencia do risco, a través da reorganización espacial e funcional da estrutura territorial existente.